

Outonos cooperativos

Encontros inspiradores

12 h

Visita guiada á cooperativa anfitroia

12.30 h

Faladoiro sobre experiencias coa participación de catro cooperativas

13.30 h

Showcooking e actuación musical

O Rodo, S. Coop. Galega
(Avda. Lalín, 79B, Rodeiro, Pontevedra)

Mercado de Abastos de Santiago, S. Coop. Galega
(Rúa das Ameas, s/n, Compostela)

2024

**Venres 15
novembro**

**Martes 19
novembro**

Inscríbete!



OUTONOS COOPERATIVOS

Os '**OUTONOS COOPERATIVOS**' son encontros inspiradores para visibilizar a fórmula e os valores cooperativos a través de experiencias reais de cooperativas asentadas no noso territorio.

Esta iniciativa está promovida pola '**Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**' e conta coa participación de entidades representativas das cooperativas galegas, como son **AGACA** e **ESPAZOCOOP**.

Estes encontros desenvolveranse durante dúas xornadas, en horario de mañá. A primeira delas terá lugar na sede da cooperativa **O Rodo** e a segunda na de **Mercado de Abastos de Santiago**.

Público participante: persoas asesoradas polos propios Polos de emprendemento e apoio ao emprego; profesionais que forman parte de cooperativas e público xeral. Requerirase inscrición previa a través de formulario. Aforo máximo de 50 persoas.

O **programa de actividades** constará dunha visita guiada á cooperativa que acolle a xornada, un faladoiro catro persoas representantes de proxectos cooperativos actuais, un showcooking con produtos de tempada, locais e de orixe cooperativa e unha actuación musical.



OUTONOS COOPERATIVOS

PROGRAMA:

12 h - Visita guiada: coñeceremos as instalacións, actividades e historia da cooperativa que acolle esta xornada da man dunha persoa referente da mesma e o apoio da xornalista Xiana Arias.

12.30 h - Faladoiro de experiencias cooperativas actuais: conversaremos con catro cooperativas galegas sobre as súas experiencias e aprendizaxes. Presenta e modera: **Xiana Arias**.

13.30 h Showcooking con final musical: O recoñecido cociñeiro **Diego López**, do restaurante La Molinera, amosará a preparación de varios pratos relacionados co outono, con produtos de tempada, de proximidade e de provedores que son cooperativas, e que se poderán degustar segundo os vai preparando.

A continuación comezará unha actuación musical do grupo **Abril**, formado por Claudia Abril (voz e percusións) e Marina Carpente (violín e voz), integrantes deste proxecto no que melodías tradicionais galegas e ibéricas son adaptadas a sonoridades actuais con intimidade, personalidade e frescura.

Visita guiada e condución da mesa redonda





Xiana Arias

Xornalista e escritora. Traballou de redactora e locutora na Radio Galega durante 15 anos e na produción e xestión cultural os 4 últimos. Ten ampla experiencia na concepción e presentación de eventos e na dinamización de actividades.



Showcooking



Diego López, 'Moli'

Diego López é propietario e chef do Restaurante La Molinera. Amante da cociña tradicional galega, reinventa os platos clásicos de forma innovadora influído pola súa gran formación en alta cociña. Conta con ampla experiencia en showcookings e obradoiros gastronómicos en diversos eventos.



Actuación musical



ABRIL

Claudia Abril (voz e percusións) e Marina Carpente (violín e voz) integran este proxecto no que melodías tradicionais galegas e ibéricas son adaptadas a sonoridades actuais con certa intimidade, personalidade e frescura. Abril é unha proposta de folk contemporáneo na que instrumentos de música tradicional como a pandeireta, o pandeiro ou o violín folk dan lugar a un coidadísimo repertorio que contribúe a poñer en valor a música tradicional galega sen deixar de lado a modernidade.

